

**PROTOCOLO DE CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS ÉTICOS
DOS TRABALLOS DE FIN DE GRAO
DAS TITULACIÓNS DE GRAO DE ENFERMERÍA E PODOLOXÍA**

1.- Obxectivo

O obxectivo do presente protocolo é garantir o cumprimento e facilitar a revisión dos requisitos éticos dos Traballos de Fin de Grao (en diante, TFG) que pola súa modalidade ou deseño o requiran, e posibilitar ao estudiantado que adquira competencias relacionadas coa investigación a incorporación dos principios éticos vinculados ao deseño e a execución dun proxecto ou traballo de investigación.

2.- Aplicación

Este protocolo aplicarase ás modalidades de TFG contempladas no Regulamento para a elaboración dos Traballos de Fin de Grao na Facultade de Enfermería e Podoloxía (Estudo dun caso; Proposta de investigación; Traballo de investigación) que inclúan no seu deseño algún dos seguintes supostos:

- Estudos ou propostas de investigación que inclúan a recollida de datos obtidos de persoas participantes mediante observación ou medición.
- Estudos ou propostas de investigación que inclúan a recollida de datos de persoas participantes obtidos mediante entrevista persoal ou por medio de cuestionarios en soporte dixital.
- Estudos ou propostas de investigación que inclúan a utilización de datos procedentes de historiais clínicos das persoas participantes.

Quedan excluídos deste protocolo os estudos ou propostas de investigación cuxo deseño se cualifique como ensaio clínico. O órgano competente para avaliar estas propostas é o Comité de ética da investigación con medicamentos de Galicia ou o Comité de ética da investigación de A Coruña-Ferrol.

3.- Garantía de cumprimento dos requisitos éticos dos TFG

No caso de que a proposta de TFG pertenza a algunha das modalidades expostas no apartado 2 do presente protocolo, os/as titores/as dos traballos supervisarán que os traballos cumpran cos requisitos éticos previstos na normativa da UDC (Anexo I).

No caso de que existan dúbidas sobre os requisitos éticos a cumprir por algún traballo, o titor ou a titora poderá dirixir unha consulta á comisión académica da titulación. Se a dúbida persistir, a comisión poderá elevar a consulta ao CEID-UDC.

O cumprimento dos requisitos éticos é condición para que, de ser o caso, o traballo poda levarse a cabo, e formará parte da avaliación do TFG.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DE PROXECTOS E TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN (Investigación con seres humanos, as súas mostras biolóxicas e os seus datos persoais)

Aprobados polo Comité de Ética da Investigación e a Docencia (CEID-UDC) o 14 de decembro de 2017

O/a investigador/a debe xustificar o cumprimento das condicións éticas e xurídicas esixidas na convocatoria á que se presenta o proxecto ou traballo de investigación e dar resposta aos seguintes requisitos éticos:

1. **Relevancia social.** Expoñer a contribución da investigación para a mellora das condicións de vida individuais e/ou sociais e por que debe ser apoiada e/ou financiada.
2. **Relevancia científica.** Xustificar as achegas ao estado da ciencia e explicar en que sentido permite a evolución do coñecemento.
3. **Validez metodolóxica.** Describir o deseño metodolóxico; a aptitude, formación e funcións dos compoñentes do equipo investigador; e os recursos persoais e materiais para o desenvolvemento da investigación, de xeito que faga posible avaliar a viabilidade do proxecto e o seu seguimento.
4. **Balance risco-beneficio favorable.** Identificar os riscos e inconvenientes previsibles e xustificar a exposición das persoas participantes a tales riscos en razón dos beneficios esperables.
5. **Xustiza e equidade.** Describir e xustificar o modo de selección das persoas participantes e/ou dos seus datos persoais, garantindo a ausencia de discriminación e prestando atención especial aos posibles factores de vulnerabilidade (idade, discapacidade, económicos, lingüísticos).
6. **Respecto ás persoas participantes.**
 - 6.1. Garantir a dignidade das persoas participantes no trato que se lles dispense.
 - 6.2. Garantir unhas condicións mínimas de seguridade no desenvolvemento da investigación.
 - 6.3. Garantir o benestar das persoas participantes ao longo da investigación.
 - 6.4. Garantir que as persoas participantes reciben información adecuada ás súas necesidades, clara, comprensible e suficiente para coñecer as características e as finalidades da investigación e para decidir voluntariamente a súa participación nela.
 - 6.5. Garantir que as persoas participantes prestan o seu consentimento informado para cada unha das finalidades derivadas da investigación, indicando para que, quen e como debe prestarse o devandito consentimento e incluíndo a posibilidade de revogado en calquera momento sen sufrir prexuízos.
 - 6.6. Garantir a confidencialidade da información (imaxes, datos, voz, etc.) e o respecto da intimidade das persoas participantes.
 - 6.7. Garantir a custodia segura e o uso correcto da información persoal obtida.
 - 6.8. Posibilitar o acceso das persoas participantes aos datos que se coñezan ao longo da investigación e, no seu caso, aos resultados da investigación referidos á propia persoa.
 - 6.9. Compartir, no seu caso, os beneficios derivados da investigación.

Recoméndase o emprego dunha linguaxe inclusiva.